

persoal e xeográfica o permita.

13. Protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal que os participantes lle faciliten a Fundación SGAE, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, sendo en todo caso de aplicación a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e a normativa vixente concordante.

14. Normas Xerais.

A. Os participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do Xurado e autorizan á Fundación SGAE para difundir información sobre o Premio que inclúa datos profesionais e/ou fotografías do(s) gañador(es).

B. Os participantes eximen ao Grupo SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incorrer algún dos participantes.

C. A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste Concurso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento do Premio distinta da detallada no presente documento.

D. En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.



fundación **sgae**

ENVÍO DE MATERIAIS

artesescenicas@fundacionsgae.org

Tel. (+34) 91 503 68 36

INFORMACIÓN

Delegacións Xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro (consultar direccións en www.sgae.es)

Os interesados poderán efectuar todo tipo de consultas ou ampliar a súa información sobre estas bases en artesescenicas@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

Coa colaboración de **sgae**

XXI Premio **sgae**
de Teatro Infantil 2020

Co propósito de impulsar a creación de novos textos dramáticos que, tanto pola calidade e orixinalidade dos seus diálogos, como pola súa visión escénica, contribúan ao enriquecemento do panorama teatral e para apoiar aos autores dramáticos da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), a Fundación SGAE convoca o

XXI Premio de Teatro Infantil 2020

BASES

01. Poderán concorrer a este Premio todos os socios da SGAE de calquera nacionalidade que o desexen, excepto os membros da Xunta Directiva da SGAE e do Padroado da Fundación SGAE e os premiados nas tres edicións precedentes, con obras teatrais escritas en calquera dos idiomas oficiais do Estado español e que, pola súa temática e estrutura, vaian dirixidas ao público infantil, comprendido entre catro e doce anos. Admitiranse obras en coautoría

02. As obras presentadas deberán ser cen por cen orixinais e non ser publicadas nin representadas total ou parcialmente en teatro ningún, xa sexa de cámara, ensaio, oficial ou comercial ata a celebración da decisión. Admitiranse obras que fosen obxecto de representación en formato de lectura dramatizada, sempre e cando a lectura dramatizada non tivese lugar no territorio español. Non se admitirá ningún tipo de tradución, adaptación ou refundición, xa sexa de novela, cine, televisión, radio, ou teatro, incluídas obras cuxa autoría lle(s) corresponda ao(s) autor(es). Así mesmo, as obras non poderán ser premiadas en ningún outro concurso nin con anterioridade á súa presentación ao PREMIO SGAE DE TEATRO INFANTIL nin durante o proceso de selección e ata o momento do fallo.

03. Os orixinais enviaranse vía correo electrónico, pondo no asunto “XXI PREMIO SGAE DE TEATRO INFANTIL 2020” e a seguir o título do texto para o concurso. O correo electrónico deberá incluír dous ficheiros anexos en formato PDF:

A. O texto da obra en formato PDF sen que conteña o nome do(s) autor(es) nin no texto nin na sinatura do ficheiro. Ademais, deberase incluír ao inicio do texto a descrición de todos os personaxes da obra, así como unha breve sinopse desta. No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán, o(s) autor(es) poderá(n) incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do Xurado que non falen a lingua orixinal da obra. Se o(s) autor(es) non inclúe(n) a dita tradución ao castelán, a Fundación SGAE quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do Xurado. As ditas traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio.

B. Os datos persoais e de contacto do(s) autor(es) da obra, tales como nome, apelidos, enderezo actual (residencia habitual e residencia fiscal), correo electrónico, número de teléfono, breve currículo, fotocopia do DNI ou pasaporte, foto do(s) autor(es) e a autorización expresa do(s) autor(es) asinada polo(s) autor(es) con sinatura(s) manuscrita(s) (anexar escaneado o documento asinado) a favor da Fundación SGAE para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do premio, co seguinte texto:

“Autorizo/Autorizamos á Fundación SGAE para que faga uso dos meus/nosos datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do XXI PREMIO SGAE DE TEATRO INFANTIL 2020”.

04. As obras deberán enviarse, entre o 24 de febreiro e o 20 de abril, ao enderezo: artescenicassgae@fundacionsgae.org, que é o que aparece na web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org.

05. O Xurado estará integrado por profesionais do mundo das artes escénicas de recoñecido prestixio que serán designados pola Fundación SGAE. O Presidente será igualmente designado pola Fundación SGAE. No suposto de existir empate de votos entre os membros do Xurado, o Presidente poderá facer uso do seu voto de calidade.

06. A decisión do Xurado será inapelable. A concesión do XXI PREMIO SGAE DE TEATRO INFANTIL, que non poderá ser compartido nin declarado deserto, farase pública con anterioridade ao 31 de decembro de 2020.

07. O premio para a obra galardoada será unha dotación económica de OITO MIL EUROS (8.000 €) impostos incluídos, e a dramatización do texto gañador dentro do Ciclo SGAE de Lecturas Dramatizadas. A dotación do premio, no caso de tratarse dunha obra en coautoría, será aboada pola Fundación SGAE entre os autores a partes iguais. O premio estará sometido a tributación de acordo coa lexislación vixente.

08. A obra gañadora será rexistrada na SGAE e editada pola Fundación SGAE na data que esta determine, e nos termos e condicións que se establezan por escrito. As obras publicaranse na lingua na que fosen presentadas na convocatoria ou, por petición do(s) autor(es), traducidas ao castelán. Para isto debe(n) ser o(s) propio(s) autor(es) quen lle facilite(n) á Fundación SGAE a tradución oportuna. O(s) autor(es) da obra galardoada comprométe(n)se a asinar o correspondente contrato de edición nos termos que estableza a Fundación SGAE.

09. O(s) autor(es) comprométe(n)se a incorporar a mención “XXI PREMIO SGAE DE TEATRO INFANTIL, 2020” en todos os actos e documentos vinculados á representación, fixación e publicidade da obra.

10. Os exemplares das obras non seleccionadas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado, así como as traducións que se realizasen. Non se devolverán os devanditos exemplares, nin as traducións nin se manterá correspondencia algunha sobre estes.

11. Logo de que se conceda o Premio, a Fundación SGAE poderá poñerse en contacto, por petición do xurado, cos autores das obras que soliciten para que estes decidan se desexan proporcionarlles os seus datos ao xurado ou non.

12. O(s) autor(es) gañador(es) será(n) invitado(s) a formar parte do Xurado na seguinte edición do Premio, sempre que a súa situación